



REXISTRO DE SAÍDA Nº: 1086/2019
Data de emisión: 03/05/2019

CONVOCATORIA DE REUNIÓN COLEXIADOS COETFG PONTEVEDRA

Data e hora: Xoves 23/05/2019, Horario: 18.30 a 20.30 horas
Lugar: Sala de Xuntas da Escola de Enxeñaría Forestal de Pontevedra (U. Vigo)

Estimado/a compañeiro/a:

Como sabes, recentemente tomou posesión unha nova Xunta de Goberno que exercerá as súas funcións nos vindeiros 4 anos.

Co obxectivo de acadar un contacto máis efectivo cos colexiados, tentando coñecer máis a fondo as necesidades e demandas de todos nos, para traballar na construción dun colexio máis forte e resolutivo e reforzar a defensa da nosa profesión, acordouse convocar varios encontros provinciais nos que poder intercambiar impresións, demandas, propostas, suxestións, etc.

Damos continuidade a esta aposta convocando o encontro correspondente á provincia de Pontevedra, que propoñemos desenvolver coa seguinte Orde do Día:

18.30 horas. Recepción.

18.40 horas. Presentación da nova Xunta Directiva e das directrices xerais do seu mandato.

19.00 horas. Informe de situación do colexio e debate sobre servizos ofertados na actualidade, así como recollida de demandas do colectivo.

19.40 horas. Debate sobre a situación actual da profesión, recollida de problemáticas e de propostas de mellora.

Agardamos a túa asistencia, e **por motivos de aforo é imprescindible que confirmes asistencia en:** coetfoga@forestaigalicia.es

Atentamente,
O COETFG